



CRA de Valga

PROXECTO EDUCATIVO

CRA DE VALGA

REVISIÓN Nº : DATA:

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 03/05/2022

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 03/05/2022

DATA 1ª REVISIÓN: 2026

DATA 2ª REVISIÓN: 2030

TÁBOA DE CONTIDO

1. ANÁLISE DO CONTEXTO	3
1.1. RESUMO HISTÓRICO	3
1.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA	3
1.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO	3
2. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE	4
3. O CENTRO	5
3.1. INSTALACIÓNS	5
3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO	8
3.3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS	8
3.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	9
3.5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	9
3.6. PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO	9
4. OBXECTIVOS	11
5. ESTRUTURA ORGANIZATIVA	16
5.1. ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS	16
5.2. ÓRGANOS COLEXIADOS	16
5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	16
A. CCP:	16
B. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	16
C. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	16
D. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	16
E. EQUIPO DE BIBLIOTECA	16
F. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC	16
5.4. EQUIPO DE CICLO DE INFANTIL	16
6. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO	16
7. REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA	17

Cómpre sinalar, un dato idiosincrático na procedencia do alumnado do CRA: dende hai uns anos escolariza a alumnado censado en distintos Concellos como Pontecesures, Padrón, Catoira, Caldas, Cuntis, Vedra, Rois, Dodro, Rianxo, Vilagarcía... Estas familias fan o esforzo de matricular aos seus fillos e fillas nas distintas escolas a pesar da distancia ou incompatibilidade de horarios buscando unha resposta educativa máis adaptada ás súas necesidades e expectativas.

2. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE

O CRA de Valga é o Colexio Rural Agrupado (CRA) formado por 6 escolas (Campaña, Chenlo, Ferreirós, Forno, Vilarello e Xanza) nas que se imparte o 2º ciclo da Educación Infantil (de 3 a 6 anos). A nosa sede atópase en Campaña, onde ademais dunha unidade escolar, tamén están os despachos de Dirección e Departamento de Orientación, a Biblioteca central e a sala de mestras. O noso horario é de 9:00 a 14:00 horas.

Temos a mesma estrutura e funcionamento que calquera outro centro educativo público, coa peculiaridade de que as nosas aulas atópanse distribuídas polas diversas escolas que forman parte do noso CRA nas distintas localidades do Concello de Valga. Isto asegura unha maior adaptación ás características da nosa contorna e ás necesidades do alumnado de cada escola.

Os nosos sinais de identidade son:

- **Innovación educativa:** emprego de metodoloxías vivas e activas onde o alumnado é protagonista da súa propia aprendizaxe. Aplicación das TIC fomentando aprendizaxes STEAM. Profesorado en continua formación (PFPP) e participación en proxectos e programas da Consellería (Plan Proxecta, Contratos-Programa, Plurinfantil...)
- **Unidade e sentimento de pertenza ao CRA:** coordinación de todos os profesionais que forman parte do centro educativo. Metodoloxía baseada en proxectos de aprendizaxe ou centros de interese compartidos en todas as escolas e planificados de forma coordinada.
- **Atención á diversidade do alumnado:** atención individualizada, personalizada e respectuosa, adaptada ás características e necesidades de cada nena e de cada neno. Supresión de barreiras arquitectónicas e de acceso ao currículo. Tutoría entre iguais como unha gran vantaxe dos agrupamentos mixtos (3-6 anos) en todas as escolas.
- **Apertura á contorna:** colaboración e implicación de toda a Comunidade Educativa (familias e ANPA Pequeval, veciñanza, Concello, colexios adscritos, Escola Infantil Municipal, gabinetes psicopedagóxicos e logopédicos, asociacións...) facéndoa partícipe de todas as experiencias que teñen lugar tanto dentro coma fóra das escolas. Creación dun ambiente familiar grazas ao intercambio de información diario, implicación directa na vida da aula e do centro, difusión de todas as actividades mediante as diferentes canles de comunicación...
- **Espazos privilexiados:** potenciación da educación ao aire libre aproveitando os espazos exteriores como lugares de encontro coa natureza. Patios vivos, activos, naturais e inclusivos.

3. O CENTRO

3.1. INSTALACIÓNS

O CRA de Valga está formado por 6 edificios ou escolas coas seguintes dependencias.

- Escola de Campaña:
 - Ubicación: aldea de Campaña (A Torre, 69).
 - Teléfono: 695 79 10 22
 - Email: escoladecampana@gmail.com
 - Instagram: @escoladecampana
 - Dependencias: unha aula principal e unha aula polivalente de tamaño similar. Un patio con varias zonas. Na aula polivalente está ubicada, tamén, a biblioteca central do CRA. Un despacho compartido de Dirección e Departamento de Orientación, e unha sala de mestras.



- Escola de Chenlo:
 - Ubicación: aldea de Chenlo.
 - Teléfono: 605 48 41 47
 - Email: escolachenlo@gmail.com
 - Instagram: @escoladechenlo
 - Dependencias: unha aula principal de maior tamaño, e unha aula polivalente máis pequena. Unha zona cuberta entre as dúas aulas que se emprega como aula exterior. E un patio que rodea completamente a escola con varias zonas.



- Escola de Ferreirós:
 - Ubicación: aldea de Ferreirós (Cordeiro).
 - Data de construción: 1913.
 - Teléfono: 605 48 41 51
 - Email: escolaferreiros@gmail.com
 - Instagram: @escoladeferreiros
 - Dependencias: unha aula principal e unha aula polivalente á que se accede a través da primeira. O patio rodea completamente a escola e consta de varias zonas. Un patio cuberto.




- Escola de Forno:
 - Ubicación: aldea de Forno (Cordeiro).
 - Teléfono: 605 48 41 49
 - Email: escoladeforno@gmail.com
 - Instagram: @escoladeforno
 - Dependencias: unha aula principal e unha aula polivalente de tamaño similar. Unha zona cuberta entre ambas aulas que se emprega como aula exterior. Un patio de grandes dimensións cunha zona verde, pista, parque de xogos e zona de mesas.



- Escola de Vilarello:
 - Ubicación: aldea de Vilarello (Cordeiro).
 - Teléfono: 605 48 41 41
 - Email: escoladevilarello@gmail.com
 - Instagram: @escoladevilarello
 - Dependencias: unha aula principal e unha aula polivalente de tamaño similar. Unha zona cuberta entre ambas aulas que se emprega como aula exterior. Un patio con varias zonas: zona de tranquilidade, zona de horto, zona de mesas e zona de movemento e xogo (areeiro, columpios, casina...). Tamén se emprega unha pista de deporte e zonas verdes anexas á escola.



- Escola de Xanza:
 - Ubicación: aldea de Xanza.
 - Teléfono: 605 48 41 44
 - Email: escoladexanza@gmail.com
 - Instagram: @escoladexanza
 - Dependencias: unha aula principal e unha aula polivalente comunicadas mediante o patio. Unha pequena habitación no edificio da escola que funciona como almacén. Un patio con diferentes zonas e unha habitación no local social anexo á escola ao que se accede mediante o patio e que funciona como almacén.



3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO

O horario lectivo do centro é de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres.

O horario do profesorado é de 8:45 a 14:15 horas de luns a venres e os martes de 15:30 a 18:00 horas.

A biblioteca central de Campaña abre os martes pola tarde de 16:00 a 18:00 horas.

3.3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS

O CRA oferta o segundo ciclo de Educación Infantil (3-6 anos) nas 6 escolas, a razón dunha unidade por escola, é dicir, seis aulas mixtas.

As áreas de influencia, zonas limítrofes e centros adscritos de cada escola son:

ESCOLA	ZONA DE INFLUENCIA	ZONA LIMÍTROFE	CENTRO ADSCRITO
CAMPAÑA	DEVESA, PUMARIÑO, IGREXA, SOUTO, TORRE, COTO, CARBALLIÑO.	RESTO DO CONCELLO DE VALGA, PADRÓN, PONTECESURES.	CEIP BAÑO-XANZA
CHENLO	CHENLO, IGLESIA, RAXOI, CIMADEVILA, PEDREIRA, LACEIRAS, OS VILARES, OS MARTORES.	RESTO DO CONCELLO DE VALGA, PONTECESURES E A ESTRADA.	CEIP BAÑO-XANZA
FERREIRÓS	FERREIRÓS, BEIRO, CARBALLA, LAXES, OUTEIRO, TORRE.	RESTO DO CONCELLO DE VALGA E CATOIRA.	CEP FERRO COUSELO
FORNO	CASTIÑEIRAS, CASANOVA, FORNO, SOCASTRO, GÁNDARA, BARCIA, BALLEAS, CANLE, COTRIÑOS, BARRO.	RESTO DO CONCELLO DE VALGA E DODRO.	CEP FERRO COUSELO
VILARELLO	VILARELLO, VILAR, CARRACIDO, MOLDES, EIRAS.	RESTO DO CONCELLO DE VALGA, DODRO E CATOIRA.	CEP FERRO COUSELO
XANZA	OUTEIRIÑO, CAMPO, SENÍN, LOURO, MEDELA, SIXTO, DESABANDA.	RESTO DO CONCELLO DE VALGA E PONTECESURES.	CEIP BAÑO-XANZA

3.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O centro non dispón de servizos complementarios de comedor e transporte escolar, aínda que existe unha empresa (Baralocas) que oferta estes servizos e dos que as familias fan uso nas instalacións da propia empresa. Dita empresa encárgase de trasladar ao alumnado dende as súas instalacións ao centro educativo e viceversa.

3.5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O CRA abre a biblioteca escolar de Campaña todos os martes pola tarde en horario de 16:00 a 18:00 horas para todas as familias con alumnado matriculado no CRA para empréstitos lectores, lectura en sala... e contacontos organizados polo propio profesorado e familias.

A ANPA Pequeval ofrece un programa de actividades extraescolares variadas todos os anos ás familias do CRA (karate, piscina, fútbol, patinaxe...).

3.6. PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO

AVALIACIÓN DAS CONCRECIÓNS CURRICULARES: o presente documento logo da súa aprobación, será obxecto de avaliación continua e revisado cada catro anos. Todas as modificacións que se lle realicen formarán parte da PXA de cada curso escolar. Cando as modificacións e cambios realizados cambien sustancialmente a natureza do documento e deixe de responder á realidade educativa do CRA, elaborárase un novo PE que incorpore e integre todas as revisións e melloras realizadas dende a súa aprobación.

Todos os plans e protocolos do centro serán obxecto de avaliación, e as súas concrecións anuais serán incorporadas á PXA.

A memoria final de curso será un instrumento de avaliación fundamental para a mellora educativa. As propostas de mellora que se propoñan serán tidas en conta na elaboración da PXA e programacións do próximo curso.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE:

Na avaliación da propia práctica incluiremos referencias a aspectos tales como:

- A organización da aula.
- O aproveitamento dos recursos do centro.
- A relación entre profesor/a e alumnos/as.
- A relación familia-centro.
- A relación entre profesores/as.
- A convivencia entre alumnos/as.

A final de curso, cada titora e mestre/a especialista cubrirá unha autoavaliación da súa propia práctica educativa cuxos datos se incorporarán á memoria final de curso.

AVALIACIÓN DO ALUMNADO:

Tendo en conta a Orde do 25 de xuño do 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade

Autónoma de Galicia, no CRA de Valga a avaliación en EI será global (referirse ao conxunto de capacidades), continua (a información sobre o proceso de ensinanza e aprendizaxe será recollida de forma continua ao longo de todo o proceso) e formativa (permitirá ir adaptando a intervención educativa ás necesidades e realizar as melloras que sexan precisas).

As principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación serán a observación directa e sistemática, a análise das producións das nenas/os e as entrevistas coas familias e titores legais.

A avaliación é concibida nesta etapa como un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo, polo tanto realizarase de forma continua e considerarase un elemento máis da actividade educativa coa finalidade de obter información sobre o desenvolvemento do alumnado, mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables deste proceso e tomar decisións tanto individuais como colectivas.

Os criterios de avaliación das distintas áreas permitirán ao profesorado coñecer en que medida o alumnado desenvolveu as capacidades, identificar as aprendizaxes adquiridas e valorar o grao de consecución das competencias. A avaliación do alumnado con nee terá como referente os criterios establecidos nas correspondentes AC.

Cando o alumnado se incorpore á escola o titor ou titora realizará unha avaliación inicial. Trimestralmente as familias serán informadas sobre a evolución dos seus fillos (recoméndase ampliar a información recollida nos boletíns que ofrece o XADE mediante informes de avaliación cualitativos, titorías...), e ao remate de cada curso elaborará un informe anual de avaliación individualizada. A finalización do ciclo recollerase nun informe individualizado o progreso de cada alumno. O profesorado especialista tamén elaborará un informe de avaliación de cada grupo-clase coa finalidade de informar ao titor da evolución do alumnado nas súas sesións. As principais decisións adoptadas serán recollidas nas actas de avaliación de cada trimestre.

Como normal xeral, todo o alumnado de educación infantil promocionará á etapa de educación primaria, excepto aquel con neae proposto polo departamento de orientación coa autorización da familia, para o cal se solicitará a flexibilización do seu período de permanencia na etapa de educación infantil como medida extraordinaria de atención á diversidade, coa correspondente proposta de AC.

4. OBXECTIVOS

Obxectivo 1: ELABORAR UN NOVO PROXECTO EDUCATIVO E OUTROS PLANS				
Acción 1	Elaborar o documento base do PE.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input type="checkbox"/>
Indicador	Aprobación do PE.			
Responsables	Equipo directivo coas achegas de Claustro e Consello Escolar.			
Recursos e materiais	Normativa vixente. PFPP.			
Acción 2	Actualizar todos os Plans e Protocolos			
	Temporalización			
	1º Ano <input type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Aprobación e aplicación dos Plans e Protocolos.			
Responsables	Equipo directivo e os distintos Órganos de coordinación e equipos.			
Recursos e materiais	Normativa vixente. PFPP.			

Obxectivo 2: MELLORAR AS INSTALACIÓNS DO CENTRO				
Acción 1	Mellorar os sistemas eléctricos, de calefacción, illamento... das distintas escolas.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Instalación de novas ventanas, sistemas eléctricos, calefacción... Aforro enerxético.			
Responsables	Equipo directivo, Concello e Consellería.			
Recursos e materiais	Orzamentos da Consellería e Concello destinados á infraestrutura do CRA.			
Acción 2	Crear patios vivos, naturais e inclusivos en todas as escolas.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Aproveitamento e calidade dos patios.			
Responsables	Equipo directivo e Concello.			
Recursos e materiais	PFPP. Programa Embelecer Valga do Concello coa colaboración das familias e profesorado, Programa Voz Natura...			

Obxectivo 3: MELLORAR O MOBILIARIO E RECURSOS DE TODAS AS ESCOLAS				
Acción 1	Adquisición de mobiliario adaptado ao alumnado e que contribúa ao confort da aula.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Aulas dotadas de mobiliario funcional e adaptado aos nenos e nenas.			
Responsables	Equipo directivo e Consellería.			
Recursos e materiais	Peticións anuais á Consellería no mes de outubro. Gastos de funcionamento do centro.			

Acción 2	Elaboración e creación dun banco de recursos de calidade adaptado ao alumnado do CRA.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Mellora da calidade educativa no desenvolvemento do currículo.			
Responsables	Equipo directivo e Equipo de Ciclo.			
Recursos e materiais	Plans e Programas da Consellería. Gastos de funcionamento do centro.			

Obxectivo 4: CONTRIBUÍR Á INNOVACIÓN E MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA				
Acción 1	Mellora da formación do profesorado mediante un plan de formación adaptado ás necesidades do centro.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participación do 100% do profesorado.			
Responsables	Equipo Directivo e Coordinadores do PFPP.			
Recursos e materiais	PFPP, CFR Pontevedra, asesor de zona...			
Acción 2	Participación nos diferentes Plan e Proxectos da Consellería para a innovación e mellora da calidade educativa.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participación do 100% do profesorado.			
Responsables	Equipo Directivo e coordinadores dos diferentes programas e plans.			
Recursos e materiais	Consellería de Educación, FOGGA, Persoal do centro.			
Acción 3	Participación en diferentes plans, programas, concursos, premios...			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participación do 100% do profesorado.			
Responsables	Equipo Directivo e Coordinadores de cada plan.			
Recursos e materiais	Voz Natura, Fundación Princesa Girona, Premio boas prácticas innovación educativa, Premio boas prácticas inclusión, Revitaliza da Deputación de Pontevedra...			
Acción 4	Establecer canles de colaboración coas distintas universidades conformando o CRA como centro receptor de alumnado en prácticas.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Elección do CRA como centro educativo para realizar o período de prácticas.			
Responsables	Equipo Directivo e titoras do alumnado en prácticas.			
Recursos e materiais	UdeVigo, USC, Fundación Princesa Girona...			

Obxectivo 5: PROMOVER A IGUALDADE ENTRE OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA				
Acción 1	Colaborar cos Programas da Consellería de Educación (como o IGUALA-T dos Contrato-Programa) ou outros como a axuda á ANPA da Consellería de Igualdade, destinada á promoción da igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Coeducación en todas as aulas.			
Responsables	Equipo directivo e Consellerías.			
Recursos e materiais	ANPA, Plan de Igualdade.			
Acción 2	Redacción e revisión de todos os documentos do centro cunha linguaxe inclusiva.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Emprego de linguaxe inclusiva en toda a escrita do centro.			
Responsables	Equipo directivo e Comisión de Convivencia.			
Recursos e materiais	Plan de Igualdade.			
Acción 3	Fomento do emprego dunha linguaxe inclusiva no día a día.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Emprego de linguaxe inclusiva por parte de todos os membros da Comunidade Educativa.			
Responsables	Equipo directivo e Comisión de Convivencia.			
Recursos e materiais	Plans de Igualdade.			

Obxectivo 6: FACILITAR A ACOLLIDA E ADAPTACIÓN AO CRA DOS NOVOS MEMBROS.				
Acción 1	Acollida do persoal docente e non docente facilitando a súa adaptación ao CRA.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Satisfacción e integración do novo profesorado.			
Responsables	Equipo directivo.			
Recursos e materiais	Plan de Acollida de novo profesorado.			
Acción 2	Adaptación do novo alumnado e das súas familias.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Grao de satisfacción das familias e valoración do período de adaptación.			
Responsables	Equipo directivo e Equipo de Ciclo.			
Recursos e materiais	Plan de Adaptación destinado ao alumnado que se incorpora por primeira vez ao centro e ás súas familias.			
Acción 3	Realización de Xornadas de Portas Abertas para dar a coñecer o Proxecto educativo e as instalacións de todas as escolas de cara ao proceso de Admisión e Matrícula.			

	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Asistencia de familias ás Xornadas e número de alumnos/as novos matriculados/as.			
Responsables	Equipo directivo, titoras e resto de profesorado.			
Recursos e materiais	Redes sociais, trípticos e carteis divulgativos, radio Valga, notas de prensa, Páxina Web do Concello...			

Obxectivo 7: FACILITAR A INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN CON TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA				
Acción 1	Elaboración de dípticos, trípticos, carteis, circulares, publicacións, guías... informativas e difusión das mesmas.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Difusión da información ao 100% da Comunidade Educativa.			
Responsables	Equipo directivo e titoras.			
Recursos e materiais	Documentos diversos e canles de difusión.			
Acción 2	Apertura das distintas escolas á participación das familias e facilitación da comunicación bidireccional por diferentes vías.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Grao de participación e comunicación das familias na vida diaria do centro.			
Responsables	Equipo directivo e titoras.			
Recursos e materiais	Teléfonos móbiles das escolas, email, AbalarMóbil, páxina web e blog do centro, redes sociais...			

Obxectivo 8: FAVORECER O TRABALLO EN EQUIPO DE TODA A COMUNIDADE ESCOLAR				
Acción 1	Dinamizar os diferentes equipos de cara a coordinar actuacións e proxectos.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Número de proxectos levados a cabo.			
Responsables	Equipo directivo, coordinadores/as e titoras.			
Recursos e materiais	PE, metodoloxía compartida...			
Acción 2	Crear un bo clima e ambiente de traballo.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Aumentar as actuacións que afecten ao ámbito humano fomentando a convivencia.			
Responsables	Equipo directivo, Comisión de Convivencia e Equipo Docente.			
Recursos e materiais	Plan Proxecta, Contratos Programa, Plan de Convivencia, Plan de Acollida, Sesións de presentación e cohesión de grupo... Sala de mestras confortable e funcional.			

Obxectivo 9: MELLORAR A COMUNICACIÓN E COORDINACIÓN ENTRE OS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO				
Acción 1	Establecer canles de comunicación e reunións periódicas.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Número de actuacións conxuntas.			
Responsables	Equipo Directivo, coordinadora de ciclo, titoras...			
Recursos e materiais				
Acción 2	Apertura das distintas escolas á participación das familias e facilitación da comunicación bidireccional por diferentes vías.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Grao de participación e comunicación das familias na vida diaria do centro.			
Responsables	Equipo directivo, Departamento de Orientación e titoras.			
Recursos e materiais	Canles de comunicación, diferentes eventos compartidos (Embelecer Valga, FestiValga Eurovisión, visita aos centros receptores de alumnado...).			

Obxectivo 10: DINAMIZAR A BIBLIOTECA CENTRALIZADA DO CRA				
Acción 1	Solicitar o PLAMBE			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Aprobación do proxecto e entrada a formar parte da rede de centros do PLAMBE			
Responsables	Equipo de Biblioteca			
Recursos e materiais	Dotación do PLAMBE			
Acción 2	Apertura da biblioteca da sede en horario de tarde con quendas de garda e contacontos realizados tanto por profesorado coma por familias.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	4º Ano <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Grao de asistencia, participación e satisfacción das familias e alumnado.			
Responsables	Equipo de Biblioteca e todo o profesorado.			
Recursos e materiais	Canles de comunicación coas familias para a difusión das actividades da biblioteca, carteis informativos, dotación axeitada da propia biblioteca, quendas de garda do profesorado...			

5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

5.1. ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS

Director e Secretaria (6 unidades).

5.2. ÓRGANOS COLEXIADOS

Claustro (formado por todo o profesorado).

Consello Escolar (formado polo Director que é o presidente, a Concelleira de Educación, tres mestras/es, tres pais/nais e a Secretaria con voz pero sen voto).

5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

A. CCP

Formada polo Director, a coordinadora de ciclo, as mestras de AL/PT, a orientadora, a Coordinadora do EDLG e a Coordinadora da Biblioteca.

B. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Integrado pola Orientadora que actuará como Xefa do Departamento, e as mestras de AL/PT.

C. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Formado pola Coordinadora e a metade do Equipo de Profesorado.

D. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Formado polo Coordinador e a metade do Equipo de Profesorado.

E. EQUIPO DE BIBLIOTECA

Formado pola Coordinadora, un membro do Equipo Directivo e a metade do Equipo de Profesorado.

F. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC

Formado pola Coordinadora e a metade do Equipo de Profesorado.

5.4. EQUIPO DE CICLO DE INFANTIL

Constituído por unha coordinadora e todo o profesorado que imparte docencia no segundo ciclo de educación infantil, é dicir, todo o profesorado do centro.

6. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

PROXECTO EDUCATIVO	Responsables da elaboración	Data Aprobación	Próxima revisión
Proxecto educativo	Equipo directivo	03/05/2022	Xuño 2023
Concreción curricular	CCP Claustro Equipo de Ciclo	En proceso	
Plan Xeral de Atención á Diversidade	Depto. Orientación	En proceso	
Plan de orientación	Depto. Orientación	En proceso	
Plan acción Titorial	Depto. Orientación Titores	En proceso	
Normas Organización e Funcionamento	Equipo directivo Profesorado	En proceso	
Plan de convivencia	Comisión Convivencia	26/04/2017	2021

Proxecto Lingüístico	Equipo dinam. Lingua galega	En proceso	
Plan de igualdade	Dirección Comisión Convivencia	15/10/2019	2023
Proxecto Lector	CCP Profesorado	En proceso	
Plan Biblioteca	Coordinador Biblioteca Equipo de apoio	En proceso	
Plan Dixital	Equipo de dinam. TIC	Xuño de 2022	2026
Promoción estilos de hábitos saudables	Equipo Específico	En proceso	
Plan innovación e formación permanente do profesorado.	CCP Equipo directivo	En proceso	
Programa colaboración e participación familias	Equipo directivo ANPA	En proceso	

7. REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

O presente documento, **así como todos os que figuran na táboa anterior**, serán revisados cada 4 anos. En calquera caso, poderanse modificar sempre que as circunstancias o esixan reflectíndoo na PXA. Así mesmo, todos os plans/programas anteriores serán concretados anualmente na PXA.

En relación á avaliación do presente documento, introduciranse as melloras e adaptacións cando as circunstancias así o esixan e de acordo á temporalización plantexada nos obxectivos. Nos vindeiros cursos elaboraranse e actualizaranse todos os Plans e programas que se deben incluír no PE cun prazo de máximo de 4 anos.